



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE  
TÉCNICO DE  
*Igualdade*

## A Intelixencia Artificial vs a Igualdade de xénero Beneficios e Riscos Parte I. Beneficios



CONFEDERACION  
DE EMPRESARIOS  
DE LA CORUÑA



**cel**  
Confederación de  
Empresarios de Lugo



Confederación  
empresarial de  
Ourense



**CEP**  
CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



XUNTA  
DE GALICIA



MINISTERIO  
DE TRABAJO  
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO  
DE EMPLEO ESTATAL  
**SEPE**

## A Intelixencia Artificial vs a Igualdade de xénero

### Parte I: Beneficios

De acordo co recolleito na web da Comisión Europea, a Lei de Intelixencia Artificial (IA), é o primeiro marco xurídico sobre esta materia, que aborda os riscos da IA e posiciona a Europa para desempeñar un papel de liderado a nivel mundial.

O Regulamento europeo de Intelixencia artificial (AIA, por Artificial Intelligence Act), en última fase de aprobación (maio 2024), ademais de pretender reducir cargas administrativas e financeiras ás empresas (fundamentalmente ás pemes), ten por obxecto proporcionar as/os que desenvolven e implementan IA requisitos e obrigacións claros en relación cos usos específicos da mesma.

Considérase necesaria esta Lei de IA para garantir que a poboación europea poida confiar no que a IA ten pode ofrecer, minimizando riscos, porque, aínda que unha gran parte dos sistemas de IA presentan un risco mínimo ou nulo (por exemplo, videoxogos habilitados para IA ou filtros de spam), e poden contribuír a resolver moitos retos sociais, determinados sistemas de IA crean riscos que debemos abordar para evitar resultados indesexables.

Comecemos por definir que se entende pola “*omnipresente*” Intelixencia Artificial (I.A.) e aportar un pequeno glosario de termos relacionados, que se usarán no presente artigo.

- **I.A.:** tecnoloxías que fan uso de algoritmos intelixentes de tal modo que son capaces de reproducir e/ou simular certas capacidades humanas (aprender da súa contorna e, con base nela, tomar decisións).
- **Sandbox** (ou contorna de probas): En informática, este termo, deriva do concepto das caixas de area para nenos e nenas (zona de xogos onde poden construír, destruír e experimentar sen causar ningún dano no mundo real). De igual forma, unha “*caixa de area dixital*”, permite experimentar sen repercusións fóra do seu espazo confinado. No mundo da ciberseguridade, un sandbox é unha máquina virtual illada na que se pode executar código de software potencialmente inseguro sen afectar as aplicacións locais ou aos recursos de rede. É unha contorna de probas controlada na que se poden probar ou executar aplicacións, arquivos e códigos para observar e comprobar como se comportan. Se o software se comporta de forma inesperada ou maliciosa, fóra desa contorna ou “*patio de recreo*” contido e controlado, non ten capacidade para afectar a nada.
- **Chatbot**: (robot de chat): programa de computador que simula a conversación humana, ou chat, a través da intelixencia artificial. Son programas deseñados para axudar a organizacións a mellorar a atención á clientela, aumentando os métodos tradicionais con funcións de chat automatizadas.
- **NLP**: (Procesamento de linguaxe natural): tecnoloxía que brinda aos computadores a capacidade de interpretar, manipular e comprender a linguaxe humana.
- **Algoritmo**: conxunto de regras definidas que permite solucionar un problema, dunha forma determinada, mediante operacións sistemáticas e finitas. Estas

instrucións, definidas e ordenadas en función dos datos, resolven o problema ou a tarefa.

- **Algoritmos de caixa negra:** aqueles en os que o usuario non pode acceder para entender o seu funcionamento. Totalmente selados ante ollos alleos, adoitan estar presente sobre todo nos motores de procura (como poden ser Google ou Yahoo...) xa que o seu código non é algo de dominio público e, por tanto, permanece oculto para que ninguén poida coñecer a fondo todo o seu funcionamento, aínda que si o seu comportamento. Desta forma evítanse filtracións de datos ou a detección de patróns concretos. O obxectivo fundamental destes algoritmos de misterioso nome, é preservar tecnoloxía ou coñecementos das empresas autoras e/ou propietarias
- **ML (Machine Learning):** subconxunto de IA onde as persoas «adestran» ás máquinas para recoñecer patróns baseados en datos e facer predicións. Xeralmente, o obxectivo é descubrir novos datos e patróns, ou de predicir valores de saída a partir dun conxunto determinado de variables de entrada.
- **Algoritmos ML:** A aprendizaxe automática (ML en inglés) é un tipo de algoritmo que se mellora automaticamente, sen intervir un programador. O algoritmo gaña experiencia ao procesar máis e máis datos, e vaise auto modificando e mellorando baseándose nas propiedades dos datos.

Falamos de tecnoloxías innovadoras que inclúen desde sistemas de análises de datos e proxección de situacións futuras ata *chatbots* e asistentes de voz que xa se están implementando para automatizar procesos, xerar oportunidades de negocio e incrementar a eficiencia e a eficacia das organizacións e institucións.

O seu uso estendido traerá (e xa trae) importantes beneficios e oportunidades.

A modo de exemplo: mediante a automatización de tarefas repetitivas e a racionalización dos fluxos de traballo, pode axudar a mellorar a eficiencia, reducir custos e mellorar os procesos de toma de decisións.

Pero non está exenta de facer unha análise de riscos.

**Imos ver posibles beneficios e riscos que pode conlevar o uso da I.A. en materia de igualdade de xénero, centrándonos no ámbito empresarial e laboral.**

## Esta parte l dedicarémola a debullar os Posibles Beneficios

### Automatización

Non é un beneficio en si mesma, pero si condición necesaria para facer posibles melloras e vantaxes en servizos, trámites e procedementos de distinto tipo e natureza.

Un proceso é claramente susceptible de automatización cando é repetitivo e predicible, ten alta frecuencia, e está baseado en regras.

## Detección e predición:

- Permite unha análise en tempo real do mercado no que se está operando.
- a súa capacidade de simulación permite detectar problemas de distinta natureza de forma moito máis rápida que as ferramentas usadas ata o momento.
- pode realizar predicións de posibles situacións de risco ou potencialmente perigosas ás que é necesario dedicar máis recursos.

## Eficacia e eficiencia

Usada de maneira adecuada, a IA pode incrementar tanto a eficacia como a eficiencia en diferentes servizos e procesos.

## Persoalización

A capacidade de persoalización da IA é o elemento fundamental que determinará gran parte do seu éxito en labores de detección e predición.

A modo de exemplo: Creación dun inventario intelixente e anticiparse á demanda.

Como?

Co establecemento de modelos predictivos a través da análise dos hábitos de consumo.

Poderíase prever o stock necesario dun produto no almacén mesmo antes de que as persoas usuarias fagan as compras e/ou ofrecer descontos personalizados sobre compras recorrentes.

Centrándonos na **igualdade de xénero no ámbito laboral**, vexamos tanto posibilidades de beneficiarse da I.A. como posibles riscos.

## Posibles beneficios

### 1. En materia de acoso e discriminación

A IA podería analizar os datos para previr futuros incidentes, identificando patróns ou tendencias de comportamento.

### 2. Conciliación da vida persoal, familiar e laboral + motivación

O uso de IA, automatizando tarefas repetitivas sen valor engadido, pero que consomen moito tempo (introdución de datos, seguimento de inventario, xestión de pedidos, programación de entregas...) podería axudar a mellorar o equilibrio entre vida persoal e laboral, xa que, o persoal podería centrarse en tarefas que requiren de habilidades humanas con moito valor engadido (resolución de problemas, creatividade...) e moito máis gratificantes e motivadoras.

### **3. Melloras na inclusión e a xestión da diversidade + retención de talento**

A IA pode utilizarse para reducir os prexuízos humanos.

As organizacións poderían identificar as candidaturas máis adecuadas para un posto en función das súas habilidades e cualificacións, sen ter en conta elementos que poidan dar pé a discriminacións, creando unha forza de traballo inclusiva, diversa, e, mellorando á vez, a captación e retención do talento que a empresa necesita.

### **4. Redución de brechas salariais de xénero**

Usando a IA poderían automatizarse os procesos de revisión salarial, utilizando algoritmos, poderían analizar os datos de salario dos seus persoais e identificar discrepancias baseadas no xénero. Desta forma, sería posible garantir o cumprimento do principio de igualdade retributiva.

### **5. Reducir prexuízos nos procesos de contratación e promoción**

Automatizando estes procesos co uso de algoritmos e ML, as organizacións poden analizar enormes conxuntos de datos de currículos e perfís de candidatos/as, e poden identificar as candidaturas máis cualificadas e idóneas para o posto en función de cualificacións, experiencia, habilidades...e evitar así preferencias ou nesgos persoais dos equipos humanos dos departamentos de selección.

Necesitas asesoramento? Contacta co noso persoal técnico.

[igualdade@ceg.es](mailto:igualdade@ceg.es)

981 555 888